



Aínda que con características e problemas comúns, cada núcleo, vila ou cidade precisa das súas propias solucións.

Os programas de rehabilitación

100. Que son?

As medidas que necesita a recuperación dun núcleo histórico ou dos edificios herdados de calidade non implican soamente condicións no uso dos nosos bens privados. Existen programas que nos axudan no coidado e mellora destes, que nos permiten unha maior calidade de vida nos nosos edificios e vivendas, e que nos poden axudar incluso na adecuación e mellora dos baixos dos nosos edificios: son os Programas de Axudas á Rehabilitación, polos que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda, xestionadas pola Consellería de Vivenda e Solo.

101. Para quen son?

Estes programas van dirixidos á conservación da variedade social nos nosos núcleos históricos, é dicir, á súa revitalización e á residencia dos cidadáns. Por tanto, diríxense, principalmente, aos que dedican as vivendas ao seu domicilio persoal e aos que van dedicalas ao aluguer. Estes últimos deberán alugalas durante un período mínimo (cinco anos) dende a finalización das obras. Hai axudas, tamén, para os elementos comúns dos edificios de vivendas e para os baixos, neste caso xa sexan de uso comercial ou vivenda.

102. Onde me informo?

Na Consellería de Vivenda e Solo, nos servizos da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, nas Delegacións Provinciais da mesma Consellería, a través dos seus servizos técnicos ou, se o edificio ou vivenda se atopa nunha Área de Rehabilitación Integral ou de Centro Histórico, nas Oficinas das Áreas.